



Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

**ASUNTO: INFORME SOBRE OS PLANS ORZAMENTARIOS DE MEDIO PRAZO****PERÍODO: 2018-2020 MARCO ORZAMENTARIO****MINISTERIO: HACIENDA Y FUNCIÓN PÚBLICA****PRAZO LÍMITE DE REMISIÓN: 15/03/2017**

En cumprimento do previsto no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, as Administracións Públicas elaborarán un plan orzamentario a medio prazo, no que se enmarcará a elaboración dos Orzamentos anuais e a través do cal se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos seguintes:

Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Cumprimento co obxectivo de sustentabilidade financeira, que ten a súa exponente no coeficiente de débeda pública.

Cumprimento coa regra de gasto de acordo á evolución da taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto da economía Española.

Así mesmo, este marco servirá para dar cumprimento ao requirimento previsto no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, sobre as liñas fundamentais do Orzamento que serán remitidas antes do 15 de setembro de cada ano.

O período que conterá o marco, ten que abarcar tamén a previsión de Liquidación do ano precedente, neste caso, a do orzamento do ano 2017.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 1 de 20

Expediente 41/142

CSV: 2FE44-5ECA4-CA28D-A8BEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

*O plan orzamentario a medio prazo abarcará un período mínimo de tres anos e terá alomenos o seguinte contido*

- Os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e regra de gasto das respectivas Administracións Públicas.
- As proxeccións das principais conceptos de ingresos e aplicacións de gastos tendo en conta tanto a súa evolución tendencial, é dicir, baseada en políticas non suxeitas a modificacións, como o impacto das medidas previstas para o período considerado.
- Os principais supostos nos que se basean ditas proxeccións de ingresos e gastos.
- Unha avaliación de como as medidas previstas poden afectar á sustentabilidade a longo prazo das finanzas públicas.
- A información sobre os pasivos continxentes, como son as garantías públicas e préstamos morosos, que poidan incidir de maneira significativa nos orzamentos público.

Lexislación aplicable

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 2 de 20

Expediente 41/142

CSV: 2EE44-5ECA4-CA28D-A8BEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

Directiva 2011/85/UE do Consello de 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros.

Regulamento (UE) nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

*Detalle do Plan Orzamentario a medio prazo:*

- As proxeccións dos conceptos de ingresos e aplicacións de gastos tendo en conta tanto a súa evolución tendencial, é dicir, baseada en políticas non suxeitas a modificacións, como o impacto das medidas previstas para o período considerado.
- Os principais supostos nos que se basean ditas proxeccións de ingresos e gastos.

O Ministerio de Facenda e Función Pública, está a requirir que antes do día 15/03/2017, por ser este o último día que está aberta plataforma, se faga a remisión da información sobre os marcos orzamentarios para o período 2018-2020, seguindo os criterios establecidos na Guía editada ao efecto que figura na páxina web do MINHFP.

O artigo 5 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificado polo artigo Único. 2 da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece a condición que a mesma obriga a todos os entes que conforma o Sector público, cuxo perímetro



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 41/142

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 3 de 20

CSV: 2EE44-5ECA4-CA28D-A8BEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



## Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

defínese máis abaixo.

O artigo 6 da Orde, establece que antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente fixe o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais.

O marco orzamentario da entidade local deberá elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local.

A información estará expresada en termos consolidados conforme á normativa de estabilidade orzamentaria. En consecuencia, os importes, expresados en euros, virán referidos á suma de:

- Entidade local principal .
- Organismos Autónomos dependentes da entidade local principal.
- Entes públicos vinculados ou dependentes da entidade local principal, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

Os entes que conforman o perímetro de consolidación tomaranse da información que consta no Inventario de Entes do Sector Público Local.

O Concello ten unha participación minoritaria do 10 por 100 na Empresa de Servizos Mortuorios. Inicialmente, existía unha empresa mixta como forma de xestión indirecta, a partires da liberalización do servizo pola entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 7/1996, de 7 de xuño,



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 41/142

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 4 de 20

CSV: 2EE44-5ECA4-CA28D-A8BEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



## Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

transformouse a forma de prestación do servizo, a Entidade Local quedouse coa porcentaxe de capital citado. A nova forma xurídica crease o 27/09/2001. A participación é consecuencia da transformación da sociedade mercantil, e non supuxo desembolso algún con cargo o orzamento da Entidade Local.

Tamén se mantén unha participación minoritaria do 1,37 por 100 no capital da Sociedade Universitaria SA, sendo o importe desta participación de 50.726,25 euros. O obxecto social desta sociedade mercantil é a xestión da cidade universitaria de Vigo.

A participación no Consorcio Casco Vello de Vigo é minoritaria, representa o 10% da totalidade das achegas.

En consecuencia co anterior, as devanditas sociedades e o CCVV, non forman parte do perímetro de consolidación.

O perímetro de Consolidación establecido polo MINHAP para o Concello de Vigo, queda limitado á Entidade Local, aos Organismos Autónomos Administrativos e a Fundación MARCO

Entidade Local

Xerencia Municipal de Urbanismo

Fundación MARCO

*Taxa de referencia de crecemento da economía española.*

De acordo co artigo 15.5 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, correspóndelle ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade elaborar periodicamente un informe de situación da economía española.

O Devandito informe conterá, entre outras informacións, a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 5 de 20

Expediente 41/142

CSV: 2EE44-5ECA4-CA28D-A8BEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

economía española, que limitará a variación do gasto das Administracións Públicas.

Na reunión do Consello de Ministros do 2 de decembro de 2017, aprobáronse as medidas de especial interese e transcendencia para as Entidades locais (obxectivo de estabilidade orzamentaria, taxa de variación do Produto Interior Bruto da economía Española a medio prazo e endebedamento, fixéndose en cada caso, os límites a cumprir para o período 2017/2019, amosándose na táboa seguinte os obxectivos da estabilidade, TRCPIB e de débeda.

No cadro que se achega, relaciónanse os obxectivos a cumprir para os distintos sectores da Administración.

OBXECTIVO	ANOS			
	2016	2017	2018	2019
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade)	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade)	-0,70%	0,60%	-0,30%	0,00%
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade)	-2,20%	-1,10%	-0,70%	-0,30%
Seguridade Social	-1,70%	-1,40%	-1,20%	-1,00%
Total Déficit	-4,60%	-3,10%	-2,20%	-1,30%
Débeda Pública para o Conxunto de Entidades Locais	3,40%	2,90%	2,80%	2,70%
Débeda Pública para o Conxunto das CCAA	21,30%	24,10%	23,60%	22,70%
Débeda Pública para AC	76,40%	99,00%	97,70%	70,00%
Total débeda Administracións Públicas		99,00%	97,70%	95,40%
Taxa de Referencia do Crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB)	1,80%	2,10%	2,30%	2,50%



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 6 de 20

Expediente 41/142

CSV: 2EE44-5ECA4-CA28D-A8BEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

*Orzamento de partida aos efectos de fixar o marco orzamentario*

Ao obxecto de dar cumprimento á información solicitada en relación cos marcos orzamentarios para o período 2018-2020, pártese da situación da Liquidación Orzamentaria do ano 2016, aprobada polo Sr. Alcalde Presidente por Resolución de data 07/02/2017, da que se deu conta ao Pleno do Concello en sesión do 22/02/2017. Os límites orzamentarios para o ano 2017 están calculados sempre dentro das variacións da TRCPIB, para o ano 2017, 2,1%, 2018, 2,3%, 2019, 2,5% e 2020, proxéctase coa mesma porcentaxe ca prevista para o ano 2019, 2,5%.

En todo caso, en relación coa Regra de Gasto, a redacción actual da orde HAP/ 2105/2012, de 1 de outubro, pola modificación operada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, o cumprimento da Regra de Gasto non se require no aprobación do Orzamento. Tampouco se aplica a avaliación da porcentaxe de inexecución por capítulos.

Coa excepción tendencial do gasto e dos ingresos, non se adoptaron a esta data, decisión algunha que supoña un aumento ou redución do gasto, nin reaxuste de servizos. As variacións contidas neste marco, teñen causa nas directrices que forman parte do expediente dadas polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda.

En relación ás modificacións que se materialicen en determinadas competencias que poden ser obxecto de variación pola modificación do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, por aplicación da Lei 27/2013, de 27 de decembro, Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, e Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes operadas pola entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, na que se establece que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos. En consecuencia coa normativa citada, non hai maiores cargas orzamentarias en relación con novos servizos, estando reflectidas todas as obrigas que se estiman van xurdir da execución das competencias en vigor, amosándose a variación interanual.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 7 de 20

Expediente 41/142

CSV: 2FE44-5ECA4-CA28D-A8BEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

*Competencia para a aprobación dos Marcos Orzamentarios.*

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación, será aprobado por la Xunta de Gobierno Local e someterase a aprobación do mesmo ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión de Economía e Facenda.

En consecuencia, é o Alcalde-Presidente da Corporación quen debe fixar os límites dos orzamentos dentro da TRCPIB, todo elo sen prexuízo da competencia do Pleno da Corporación para aprobar os Orzamentos anuais formados e propostos polo Alcalde-Presidente.

En execución dese mandato legal, elaborouse o marco orzamentario que agora vai ser sometido á aprobación. Polo tanto, sométese á decisión do Sr. Presidente da Corporación, a aprobación para a súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, os marcos orzamentarios correspondentes ao período 2017-2019, sen prexuízo dos axustes que se fagan ano a ano en función das necesidades que xurdan.

*Criterios tidos en conta para a formación dos marcos orzamentarios*

Tendo en conta que para o primeiro ano o Plan orzamentario está a avaliar as previsións sobre as obrigas recoñecidas e os dereitos liquidados, pode non haber unha situación cuantitativa coincidente entre ambos estados. En relación cos anos 2018-2020, estase a avaliar as previsións iniciais tanto no estado de gastos como no de ingresos, sobre os que se fan os axustes tanto en termos de inexecución como de recadación fronte a dereitos recoñecidos netos. En todo caso, sempre son maiores ou iguais os dereitos liquidados que as obrigas recoñecidas, o que suporá un equilibrio ou un superávit, sempre e cando este estea calculado en termos do SEC 2010, Regulamento (UE) nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (fáanse



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 8 de 20

Expediente 41/142

CSV: 2FE44-5ECA4-CA28D-A8BEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>





## Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

axustes en relación coa recadación).

Tendo en conta o anterior, no formulario F.2.3, fanse os axustes correspondentes entre os dereitos recoñecidos e a recadación prevista para os capítulos I, II e III. Na análise tómanse en consideración os dous últimos anos, tendo en conta a recadación do orzamento corrente e os da agrupación de pechados.

Como se comprobará, os axustes de recadación tan só afectan á Liquidación do ano 2017, xa que para o marco orzamentario, a serie histórica amosa que a recadación do Orzamento corrente máis a de exercicios pechados, supera a previsión inicial de ingresos.

Os axustes e ingresos que se fan no período do marco Orzamentario, alcanzan aos pagos por compensación que reflícten os formularios do MINHFP polas retencións correspondentes á Liquidación negativa da Cesión de Impostos e FCF dos anos 2008-2009.

En relación cos anos 2018-2020, non se fan axustes de recadación dos capítulos I a III, tampouco se fan axustes de inexecución, fundamentado en que os créditos definitivos serán maiores que os iniciais, as previsións tanto no estado de ingresos como no de gastos, terán a súa orixe na Liquidación prevista para o ano 2017.

Tendo en conta as directrices achegadas para a formación do Marco Orzamentario, os criterios que se tiveron en conta para a variación do gasto, teñen a súa base de cálculo, na plantilla efectiva, nos contratos de servizos, na xestión dos servizos públicos, nos gastos operativos e de funcionamento, nos de mantemento, nas transferencias ao transporte público, plans de emprego, investimentos necesarios, etc.

Para os ingresos, a análise de partida ten a súa orixe na Liquidación do ano 2017 e a avaliación previa dos ingresos liquidados previstos para ano 2017.

En canto a previsión de liquidación do ano 2017, están avaliados tendo en conta a corrente tendencial dos últimos anos e o contexto actual,



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 9 de 20

Expediente 41/142

CSV: 2EE44-5ECA4-CA28D-A8BEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



## Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

de aí, que se manteñan practicamente estables, coa excepción tendencial nalgúns dos ingresos que queda amosada na estrutura e cuantificación dos mesmos que avaliou a Sra. Directora de Ingresos para a formación dos orzamentos do ano 2017.

A variación do gasto e a proxección das obrigas recoñecidas do orzamento ao período 2018-2020, está a respectar a TRCPIB, polo tanto, en ningún caso a variación non só non excede esa marxe, senón que se mantén por debaixo, baseando a variación sempre sobre a Liquidación do Orzamento do ano 2016 e a previsión de Liquidación do ano 2017.

Os estados de información que se enviarán ao MINHFP engloba o período correspondente ao 2017-2020.

## GASTOS

## Capítulo I

Os Gastos do capítulo I, para o ano 2017 tivo unha previsión inicial de crecemento do 1%, (que non se está a aplicar ata que a Lei Xeral de Orzamentos do Estado o permita). A execución en termos de liquidación estímase nun 94%. En canto aos anos 2018-2020, como a información hai que avallala en termos de previsión inicial non de execución, tomouse como base de cálculo as previsións iniciais do ano 2017, e sobre a mesma, aplícase un crecemento do 1%. Esta previsión de crecemento, non está fundamentada nun crecemento da plantilla, senón nunha previsión de actualización das retribucións mediante a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para ese período, de non acontecer esa actualización, a plantilla manterase nos termos actuais. Engádesse a esa porcentaxe os gastos da Fundación MARCO.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 10 de 20

Expediente 41/142

CSV: 2EE44-5ECA4-CA28D-A8BEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

## Capítulo II

O capítulo II no ano 2017 está calculado en termos de liquidación, polo que, as obrigas previstas son inferiores que as inicialmente orzamentadas, sendo as previsións de execución un 95%. En relación co período 2018-2020, avalíase en termos de gasto inicialmente previsto, polo que, tomando como referencia os créditos iniciais do orzamento consolidado do ano 2017, aplícase una variación tendencial neta do 0,3% anual. Nos estados de referencia reflíctese o gasto da Fundación MARCO. En relación coa Entidade e OO.AA, non hai novos servizos que supoñan unha alteración cuantitativa, senón que se se aumenta algún gasto é a costa de diminuír outro como fonte compensatoria de financiamento (pay-go). A variación tendencial bruta é consecuencia do crecemento nominal, que está a ser considerado nunha contía do total 1% anual, cuxo financiamento será en parte con cargo a variación tendencial do 0,3% e outro 0,7% con cargo a unha minoración efectiva do gasto.

Engádesse na estimación de gasto, aqueles que teñen a consideración de gasto corrente e que teñen a súa orixe na Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Presupostos y Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, efectuada pola Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro. A estes efectos, avalíase no ano 2017, aínda que os gastos do devandito proxecto non van a ter relevancia nese ano.

Para o período 2018-2020, a xustificación dun crecemento do gasto tan reducido, ten a súa orixe no procedemento de contratación do servizo de Limpeza viaria e recollida de RSU, polo tanto, para facer fronte á variación do prezo dos contratos pola aplicación dos índices que reflicten os Pregos de Cláusulas Administrativas que terán que suxeitarse ao contido de regulamentado no Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro, será o previsto nese 0,3% máis os aforros que se produzan na prestación dos servizos sinalados.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 11 de 20

Expediente 41/142

CSV: 2EE44-5FCA4-CA28D-A8BEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



## Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

Na previsión da execución correspondente ao ano 2017, engádense as posibles modificacións orzamentarias para facer fronte a situacións que a esta data non son efectivas, estimando estas en 3.574.376,52 euros.

## Capítulo IV

Nas previsións feitas, estanse a manter a transferencia as Fundacións, as dotacións as políticas de emprego, axudas para alimentos, axudas á carencia enerxética, axudas para alugueiros, becas e libros de comedor, subvencións ao deporte, axudas aos usuarios do Transporte urbano colectivo, comedores sociais, etc, é dicir, a estrutura vixente do ano 2017 é a proxectada para o marco orzamentario.

Está engadido neste capítulo as achegas da Excma. Deputación de Pontevedra para o plan de mantemento viario anual e a axuda ao fomento turístico.

Ao tratarse de estados consolidados, están eliminadas as transferencias internas entre o Concello e o OA. Xerencia Municipal de Urbanismo e a que fai o Organismo ao Concello. Do mesmo xeito, elimínase a transferencia corrente que fai ao MARCO, xa que está incluída dentro do perímetro de consolidación aos efectos do SEC-2010, Regulamento (UE) nº 549/2013.

Proxección de variación prevista, 0,5% anual.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 12 de 20

Expediente 41/142

CSV: 2EE44-5ECA4-CA28D-A8BEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

#### Capítulo VI

O capítulo de investimentos, ademais do financiamento propio, ten previsto o cofinanciamento doutras administracións, de aí, que a contía da execución este moi por enriba do previsto inicialmente no orzamento do ano 2017.

Ademais, na previsión da execución do Orzamento do ano 2017, está engadida a incorporación de remanentes que afecta a este capítulo por unha contía de 10.601.627,31 euros, cuxa execución prevista é dun 93,37%.

En relación coa porcentaxe de execución dos investimentos inicialmente previsto, espérase que cheguen a fase de recoñecemento da obriga unha porcentaxe do 65-70%.

Entre os investimentos que van a ser financiados con acordos de cofinanciamento doutras administracións, destacamos os seguintes:

Achega que ten que facer a Excm. Deputación de Pontevedra en cumprimento do convenio vixente para o financiamento das obras executadas e a adxudicación da bancada de Río, o que obriga a unha achega adicional de 1.684.055,61 euros.

Humanización da estrada Provincial e estrada do Porto en Beade, previsto para o ano 20017, 2.649.903 euros e para o ano 2018 1.570.000 euros.

En ambos casos, prevese que a execución dos investimentos cofinanciados sexa dun 90% en cada ano.

En relación co Proxecto DUSI, a execución do gasto impútase aos anos 2018-2020. No ano 2017, o Orzamento aprobado ten a dotación polo financiamento municipal, 20% das anualidades dos anos 2016-2017, considerándose que este é suficiente para afrontar o gasto da redacción dos proxectos que van a executar no ano. No entanto, para aqueles proxectos susceptibles de inclusión no DUSI e que xa figuran dotados no orzamento aprobado para o ano 2017, como son: Vigo Vertical, Ascensores J.R Jimenez Valterra-Torrec-Pi Margall, Vigo Vertical, S.Salvador-Praza I. a



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 41/142

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 13 de 20

CSV: 2EE44-5FCA4-CA28D-A8BEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



## Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

Católica, Accesibilidade peonil, P. Sol. Ab. Menendez e 2ª Fase humanización Marqués de Valterra, unha vez que o proxecto sexa aceptado pola Autoridade de Xestión como elixible tendo en conta o control previo que fixo o Organismo Intermedio Lixeiro, se xerará crédito no estado de gastos polo 80% do custe da operación, financiamento que aporta o FEDER, considerándose, de acordo aos datos da Área de Fomento, que a execución dos devanditos proxectos prodúcese no ano.

En canto ao resto dos investimentos correspondentes ao Programa DUSI, a execución prevista para o ano 2017, xa está engadida na porcentaxe que se prevé para o capítulo VI.

En relación coas anualidades do resto do programa, quedas reflectidas na súa totalidade no Marco Orzamentario, sempre de acordo ás previsións iniciais, que de non cumprirse, as distintas anualidades serían obxecto de axuste.

Non se fixo apelación ao mercado de capitais para a concertación de operacións de préstamo para o financiamento dos mesmos, todo o financiamento faise co orzamento ordinario e cos convenios de financiamento afectado.

## INGRESOS

En materia de ingresos, en canto a contía dos Tributos do Estado que veñen representados pola cesión do IRPF, IVE e II.EE, así como o Fondo Complementario de Financiamento (FCF), para o ano 2017 fíxose unha previsión do 1%. Para os anos 2018 – 2020, vaise manter o mesmo criterio, xa que as previsións do PIB non prevén un aumento na recadación dos tributos do Estado. Ademais, hai que ter en conta que na actualidade creouse a Comisión de expertos para formular a proposta de cambio no sistema de financiación das EE.LL., que en ningún caso vai a aportar menos recursos que o sistema actual, polo tanto: crecemento dun 1% no ano 2018, un 1% para o ano 2019 e 1% para o ano 2020 , moi



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 14 de 20

Expediente 41/142

CSV: 2EE44-5ECA4-CA28D-A8BEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



## Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

inferior que a TRCPIB que é a seguinte: ano 2017 un 2,1%, 2018 un 2,3%, 2019, 2,5%. Para o ano 2020 no está aprobada a TRCPIB, aínda que non é probable que sexa inferior ca do ano 2019, polo que se está a aplicar a mesma TRCPIB que a prevista para o ano 2019.

En relación cos ingresos propios, non se prevé unha variación dos mesmos, máis aló da taxa de variación natural dos índices específicos que lle sexan de aplicación nas ordenanzas reguladoras, polo que se vai a aplicar o 1%, no entanto, para o IIVTNU, non se considera unha tendencia positiva, senón negativa. En relación co IBI, a base de cálculo é a prevista no Orzamento do ano 2017.

No capítulo VII, vaise reflectir os acordos coa Excm. Deputación de Pontevedra. Achega para o financiamento das obras executadas e a adjudicación da bancada de Río, o que obriga a unha achega adicional de 1.684.055,61 euros.

Humanización da estrada Provincial e estado do Porto en Beade, previsto para o ano 20017, 2.649.903 euros e para o ano 2018 1.570.000 euros.

Do mesmo xeito, como achegas da Excm. Deputación de Pontevedra, tamén se engadirán para o devandito período o plan de mantemento viario anual por 902.000 euros e a axuda ao fomento turístico por unha contía de 233.000 euros, contías estas que se reflecten no capítulo IV.

Se reflecten as previsións de ingresos do proxecto DUSI. No ano 2017 o 80% dos proxectos antes referenciados no capítulo 6 do estado de gastos. Para os anos 2018-2020, de acordo as previsións de execución que remitiu a Área de Fomento. En todo caso, o financiamento alleo que fai o FEDER, pasará a liquidarse ao ritmo que se recoñecen as obrigas financiadas.

Os datos que se amosan nas táboas correspondentes ao ano 2018, son o resultado da consolidación do marco orzamentario do ano 2018 en relación coa Liquidación do ano 2016 e o orzamento aprobado para o ano 2017 e as previsións de liquidación do ano 2017. Os distintos capítulos



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 15 de 20

Expediente 41/142

CSV: 2EE44-5ECA4-CA28D-A8BEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



## Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

son o resultado da suma da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo XMU e a Fundación MARCO, deducindo as transferencias correntes e de capital que se producen entre a Entidade e o OO.AA e entre este e a Entidade Local así como a da Fundación MARCO.

En aplicación da guía do MINHFP, para o ano 2017, os datos a reflectir son os da Liquidación previsible, mentres que para o período 2018-2020, se reflectirá as previsións do orzamento inicial.

## Axustes

No ano 2017, como os datos reflecte a previsible liquidación, faise o axuste de recadación e a compensación pola Liquidación negativa no FCF e Cesión de Impostos dos anos 2008-2009.

Como consecuencia do anterior, o axuste que se vai a facer no período 2018-2020 aos efectos de estabilidade orzamentaria, correspóndese coa compensación que está a facer o MINHFP en relación coas Liquidacións do IRPF, IVE, II.EE e FCF dos anos 2008 e 2009 e as entregas a conta realizadas nos devanditos períodos.

Non se consideran outros axustes aos efectos do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, xa que as previsións iniciais de ingresos nos capítulos I a III, son o resultado da recadación do exercicio corrente e pechados, de aí, que non se se faga un axuste na recadación en relación coas previsións iniciais, sendo as liquidacións definitivas por unha contía superior que as previsións iniciais.

Nos restantes capítulos, as liquidacións nos capítulos IV e VII, prodúcese cando se cumpre o compromiso, é dicir, cando hai recoñecemento da obrigas do gasto elixible, polo que, nestes capítulos non hai axustes.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 16 de 20

Expediente 41/142

CSV: 2EE44-5ECA4-CA28D-A8BEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>





Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

## Táboa de gasto consolidados

Canítulos	2017	%Variación	2018	%Variación	2019	%Variación	2020
A) Detalle Gasto Corrente N F							
1	61.758.439,00		68.731.459,73		69.418.774,33		70.112.962,07
2	114.613.287,92		120.004.102,20		120.364.114,50		120.725.206,80
3	3.515,00		7.000,00		7.000,00		7.000,00
4	24.483.480,00		27.196.887,03		27.332.871,46		27.469.535,82
5	600.000,00		600.000,00		600.000,00		600.000,00
<b>Total G. Corrente N. Financeiro</b>	<b>201.458.721,92</b>	<b>7,49%</b>	<b>216.539.448,96</b>	<b>0,55%</b>	<b>217.722.760,29</b>	<b>0,55%</b>	<b>218.914.704,69</b>
B) Detalle Gastos capital Financ.							
VI	18.361.000,00		25.990.306,26		22.287.192,50		23.416.872,61
VII	305.000,00		350.000,00		350.000,00		350.000,00
Gasto capital NF	18.666.000,00	41,11%	26.340.306,26	-14,06%	22.637.192,50	4,99%	23.766.872,61
<b>Total Gasto N. Financeiro</b>	<b>220.124.721,92</b>		<b>242.879.755,22</b>		<b>240.359.952,79</b>		<b>242.681.577,30</b>
C) Detalle Gastos Capital Financ.							
VIII	508.838,00		672.860,00		672.860,00		672.860,00
IX							
<b>Total Gasto Financeiro</b>	<b>508.838,00</b>		<b>672.860,00</b>		<b>672.860,00</b>		<b>672.860,00</b>
Total Orzamento	220.633.559,92	10,39%	243.552.615,22	-1,03%	241.032.812,79	0,96%	243.354.437,30



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 17 de 20

Expediente 41/142

CSV: 2EE44-5ECA4-CA28D-A8BEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



## Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

## Estado de ingresos consolidados

Contíntrinos	2017	%Variación	2018	%Variación	2019	%Variación	2020
A) Detalle de ingresos correntes							
I e II	114.560.437.61		114.752.079.77		115.637.600.57		116.733.976.57
IBI	66.583.230.91		66.559.101.00		67.224.692.01		67.896.938.93
IAE	13.252.154.65		13.384.676.20		13.518.522.96		13.653.708.19
IVTM	14.479.293.87		14.624.086.81		14.770.327.68		14.918.030.95
IVTNU	6.400.000.00		6.200.000.00		6.000.000.00		6.000.000.00
ICIO	1.609.744.78		1.625.842.23		1.642.100.65		1.658.521.66
Cesión Tributos Estado	12.236.013.40		12.358.373.53		12.481.957.27		12.606.776.84
III. taxas e outros ingresos	40.581.917.24		40.987.736.41		41.397.613.78		41.811.589.91
IV. T. correntes	74.081.437.56		75.832.251.93		76.590.574.46		77.356.480.20
FCF	62.711.034.24		63.338.144.58		63.971.526.03		64.611.241.29
Resto transferencias e subvencións	11.370.403.32		12.494.107.35		12.619.048.43		12.745.238.91
V. ingresos patrimoniais	1.878.898.13		1.897.687.11		1.916.663.98		1.935.830.62
Total I. Corrente N. Financeiro	231.102.690.54	1.02%	233.469.755.22	0.89%	235.542.452.79	0.97%	237.837.877.30
BI Detalle Ingresos Capital N.F							
VI							
VII. Subv. De capital	4.577.903.00		9.410.000.00		4.817.500.00		4.843.700.00
Ingresos capital NF	4.577.903.00	105.55%	9.410.000.00	-48.80%	4.817.500.00	0.54%	4.843.700.00
Total Ingresos N. Financeiros	235.680.593.54		242.879.755.22		240.359.952.79		242.681.577.30
CI Detalle Ingresos Financeiros							
VIII	508.838.00		672.860.00		672.860.00		672.860.00
IX	.00		.00		.00		.00
Total Ingreso Financeiro	508.838.00		672.860.00		672.860.00		672.860.00
Total Orzamento	236.189.431.54	3.12%	243.552.615.22	-1.03%	241.032.812.79	0.96%	243.354.437.30



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 41/142

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 18 de 20

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CSV: 2EE44-5ECA4-CA28D-A8BEC



Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

Capacidade/Necesidade de financiamento e Débeda viva

Conceptos	2017	Variación	2018	Variación	2019	Variación	2020
Saldo operacións correntes N.F	30.643.968,62		16.930.306,26		17.819.692,50		18.923.172,61
Saldo operacións capital N.F	-14.088.097,00		-16.930.306,26		-17.819.692,50		-18.923.172,61
Saldo operacións non financeiras	16.555.871,62		,00		,00		0,00
(+/-) axustes, SEC-2010	-6.432.369,02		2.654.066,52		2.654.066,52		2.654.066,52
Capacidade (+) / Necesidade (-)	10.123.502,60		2.654.066,52		2.654.066,52		2.654.066,52
Débeda viva a 31/12	,00		,00		,00		0,00
A curto prazo	,00		,00		,00		0,00
A longo prazo	,00		,00		,00		0,00
Ratio Débeda viva/ Ing. Corr.consolidados	,00	0,00%	,00	0,00%	,00	0,00%	0,00

Resume

As previsións de gastos para o período 2018-2020, suxeitáronse á TRCPIB e as variacións tendencias, avaliando en cada caso, os convenios asinados e as achegas doutras administracións.

En canto á variación dos gastos de persoal, o crecemento do 1%, só será aplicable se as Leis dos Orzamentos Xerais do Estado para cada ano posibilitan a revisión. En canto a Taxa de Reposición de Efectivos, non vai ter incidencia na contía das previsións, xa que nas dotacións están previstas todos os postos vacantes, polo tanto, as execucións das Ofertas de Emprego Público non suporá aumento nas previsións do gasto.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 41/142

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 19 de 20

CSV: 2EE44-5ECA4-CA28D-A8BEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 18:22

Páxina 20 de 20

Expediente 41/142

CSV: 2EE44-5ECA4-CA28D-A8BEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



## Dirección Superior Contable e Orzamentario

Expediente 41/142

En canto as previsións de investimento, teñen a súa orixe na capacidade de aforro, é dicir, financiamento propio máis os convenios vixentes e o Programa DUSI.

En relación coa variación dos ingresos propios, a variación que se prevé é incluso menor que a que se ten materializado en anos precedentes.

Nas previsións dos ingresos pola cesión de impostos e FCF, así como pola PICA, a variación do 1%, está xustificada, xa que tanto a Administración Autónoma como a Estatal, están en proceso de revisión do modelo, polo que é de esperar que haxa melloras cunha porcentaxe maior.

Estes son os Plans orzamentarios de medio prazo elaborado para o período 2018-2020, que serán enviados ao MINHFP para dar cumprimento ao requirimento dos mesmos antes do día 15/03/2017.

Darase conta ao Pleno da Corporación da Resolución adoptada pola Alcaldía.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O responsable superior contable e orzamentario( Resolución de data 25/02/2016, do Sr. Concelleiro Delegado de Xestión Municipal): Luís García Álvarez

Fiscalización de conformidade, O Interventor Xeral : Alberto Escariz Couso